

Completa o texto de Descartes

O argumento ontolóxico nas Meditacións

Instruccións

Completa o texto reenchendo cada recadro coa palabra axeitada, que debes elixir entre as palabras propostas na lista que se che ofrece. Coidado coa ortografía, xa que a falta de acentos ortográficos, , por exemplo, ou a súa colocación equivocada, ou a confusión de letras maiúsculas e minúsculas, devolverá un erro. As palabras propostas poderían ter que estar dúas veces no texto.

Se o teu teclado non posúe a letra "ñ" obterás tamén un resultado erróneo, o que podes evitar copiando e pegando a palabra en cuestión no recadro correspondente; noutro caso, mira as respostas correctas e, (só se a ausencia do "ñ" é a causa do erro), considera válida a túa resposta.

Exercicio

Lista de palabras (12)

“triángulo, existencia, equidisten, examinando, comprendida, consecuencia, ángulos, pero, existe, supoñendo, rectos, demostración”

Estimaba correcto que, _____ un triángulo, entón era preciso que os seus tres _____ fosen iguais a dous rectos; _____ tal razoamento non me aseguraba que existise _____ algún no mundo. Pola contra, _____ de novo a idea que tiña dun Ser Perfecto, atopaba que a _____ estaba comprendida na mesma de igual forma que na do triángulo está _____ a de que os seus tres ángulos sexan iguais a dous _____ ou na dunha esfera que todas as súas partes _____ do centro e incluso con maior evidencia. E, en _____, é polo menos tan certo que Deus, o Ser Perfecto, é ou _____ como o poida ser calquera _____ da xeometría.

Solución

Estimaba correcto que, [**supoñendo**] un triángulo, entón era preciso que os seus tres [**ángulos**] fosen iguais a dous rectos; [**pero**] tal razoamento non me aseguraba que existise [**triángulo**] algún no mundo. Pola contra, [**examinando**] de novo a idea que tiña dun Ser Perfecto, atopaba que a [**existencia**] estaba comprendida na mesma de igual forma que na do triángulo está [**comprendida**] a de que os seus tres ángulos sexan iguais a dous [**rectos**] ou na dunha esfera que todas as súas partes [**equidisten**] do centro e incluso con maior evidencia. E, en [**consecuencia**], é polo menos tan certo que Deus, o Ser Perfecto, é ou [**existe**] como o poida ser calquera [**demostración**] da xeometría.